



**RESOLUCIÓN POLA QUE SE ANULA A CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN
2026/CP/217 (REFERENCIA AXUDA: EDF431F 2025/26)**

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data 11 de agosto de 2026 publicouse no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da Universidade da Coruña a convocatoria de contratación 2026/CP/217.

SEGUNDO.- Nesa mesma data detectouse na devandita publicación un erro material derivado da dispoñibilidade orzamentaria, o que fai necesario proceder á súa anulación co fin de garantir a seguridade xurídica do procedemento.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

De conformidade co artigo 109.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as Administracións Públicas poderán, en calquera momento, rectificar de oficio os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

En virtude do exposto,

RESOLVO

Anular a publicación da convocatoria de contratación 2026/CP/217 (referencia axuda EDF431F 2025/26), publicada no TEO con data 11 de agosto de 2026, polo motivo indicado nos antecedentes desta resolución.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante o Reitor no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución no TEO.

A Coruña, na data da sinatura dixital

O VICERREITOR DE INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA

Código Seguro De Verificación	V/UFakQGdzSLGSKDnrVu6w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	11/08/2026 11:34:55
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/V%2FUFakQGdzSLGSKDnrVu6w%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

